



CONCELLO DE NARON

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO E A REALIZACIÓN DA APERTURA DO SOBRE "C" QUE CONTÉN A OFERTA ECONÓMICA, DA CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO DE RISCOS LABORAIS.

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, en cumprimento do previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación do devandito servizo, reúnese a Mesa de Contratación formada por:

Presidente: D. José M. Blanco Suárez (Alcalde).

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral da Corporación

Dna. María del Pilar Canzobre Méndez, Interventora Xeral

Secretario: D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección de Contratación

As doce horas e corenta e cinco minutos do día dezanove de decembro de dous mil dezaseis, previamente a convocatoria pública a Mesa, ás 13 horas, a presidencia abre o debate sobre o informe emitido pola Xefa de Recursos Humanos Dna. M. Angeles Manteiga Fulgueira, en relación coas ofertas técnicas presentadas polo licitadores, dándose como resultando o referendo dos criterios técnicos expostos non devandito informe, puntuándose as ofertas do modo seguinte:

CRITERIO	MÁXIMA PUNTUACIÓN	PREMAT	MUGATRA	CONSULTORÍA INTEGRAL DE PREVENCIÓN
EQUIPO				
Formación académica	7	6	5	6
Suficiencia de medios	7	7	6	1



CONCELLO DE NARON

Formación complementaria	6	6	6	3
Subtotal	20	19	17	10
METODOLOXÍA				
Descrición das actuacións	10	10	10	10
Actuacións ou controis	5	5	4	2
Subtotal	15	15	14	12
MELLORAS				
Contido exames de saúde	8	7	4	4
Formación traballadores	3	3	2	1
Recursos Complementarios	2	2	2	0.5
Simulacros	1	1	0.25	0.25
Subtotal	14	13	8.25	5.75
TOTAL	49	47	39.25	27.75

De conformidade co establecido na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que non asistiron representantes dos licitadores.



CONCELLO DE NARON

Sendo as 13:00 horas da data indicada anteriormente procédese en acto público á apertura dos sobres "C" que conteñen a oferta económica presentada polas empresas participantes no procedemento. Previamente, o secretario procede á realización das formalidades contidas no artigo 83 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, acordase reflectir en acta a puntuación outorgadas ao criterios técnicos, constando estes no cadro anterior.

Con posterioridade, procédese á apertura dos sobres "C", relativos ás Ofertas Económicas:

MUGATRA, propón os seguintes prezos:

- Especialidades Técnicas e vixiancia da saúde: 5.300 €/anuais IVE non incluído.
- Vixiancia da saúde individual: 40.20 euros. IVE excluído, exame realizado
- Revisión Xinecolóxica: 99.00 €/revisión
- Revisión Urolóxica: 89.00 €/revisión

Total revisións: 188.00 €

PREMAT, propón os seguintes prezos:

- Especialidades Técnicas e vixiancia da saúde: 5.865,80 €/anuais IVE non incluído.
- Vixiancia da saúde individual: 46,00 euros. IVE excluído, exame realizado
- Revisión Xinecolóxica: 105.60 €/revisión
- Revisión Urolóxica: 96,80 €/revisión

Total revisións: 202.40 €

CONSULTORÍA INTEGRAL DE PREVENCIOS DE RISCOS LABORAIS S.L., propón os seguintes prezos:

- Especialidades Técnicas e vixiancia da saúde: 4.625 €/anuais IVE non incluído.
- Vixiancia da saúde individual: 38 euros. IVE excluído
- Revisión Xinecolóxica: 90.00 €/revisión
- Revisión Urolóxica: 80,00 €/revisión

Total revisións: 170,00



CONCELLO DE NARON

Rematada a lectura das ofertas económicas prosegue a reunión coa puntuación das ofertas económica coa aplicación da correspondente fórmula matemática, resultando:

LICITADOR	MUGATRA	CONSULTORIA INTEGRAL PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	PREMAT
Vixilancia colectiva da saúde	11,83	17	7,50
Vixilancia da saúde individual	14,59	17	8,23
Revisións xinecolóxicas e urolóxicas	11,90	17	7,82
TOTAL	38,32	51	23,55

Sumada a puntuación dos criterios non avaliados mediante fórmulas e os criterios obxetivos resulta:

LICITADOR	CRITERIOS NON OBXECTIVOS	CRITERIOS OBXECTIVOS	TOTAL
MUGATRA	39,25	38,32	77,57
CONSULTORIA INTEGRAL PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS	27,75	51	78,75
PREMAT	47	23,55	70,55



CONCELLO DE NARON

Ao abeiro de todo o exposto, a Mesa de Contratación, propón a adxudicación deste contrato á Consultoría Integral de Riscos Laborais

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 12:55 horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu o secretario dou fe, asinando comigo a Sr. Presidente e os demais membros da Mesa.

